



*"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"*



MUTUASPORT



Federación Galega de Caza
www.federaciongalegadicaza.com

EXCLUSIVO FEDERADOS



INFÓRMATE

FGC A CORUÑA
981 70 29 57
coruna@federaciongalegadicaza.com

FGC LUGO
982 25 49 96
lugo@federaciongalegadicaza.com

FGC OURENSE
988 22 16 20
ourense@federaciongalegadicaza.com

FGC PONTEVEDRA
986 85 23 00
pontevedra@federaciongalegadicaza.com

FGC SANTIAGO
981 56 27 77
federacion@federaciongalegadicaza.com

XXXVI CAMPIONATO DE CAZA SAN HUBERTO XUNTA DE GALICIA

10 agosto 2024

Mañón
A Coruña



**Federación Galega
de Caza**



**Sociedade de Cazadores Venatoria Mañón
Agrupación de Cazadores do Ortegal**

COMITÉ ORGANIZADOR

DON LUIS EUSEBIO FIDALGO ÁLVAREZ

Presidente da Federación Galega de Caza.

DON JOSÉ MARÍA ÁLVAREZ VILLAR

Presidente da FGC en Coruña.

DON MIGUEL ÁNGEL CARUNCHO CAMPANARIO

Presidente da Sociedade de Cazadores Venatoria Mañón

DON JOSÉ LUIS PÉREZ PÉREZ

Presidente da Agrupación de Cazadores do Ortegal

DON RAMÓN RODRÍGUEZ COBAS

Vicepresidente da Federación Galega de Caza.

DIRECTOR DA PROBA

DON JOSÉ SANMARTÍN PÉREZ

XURADO DE COMPETICIÓN

Designarase o mesmo día no lugar de competición.

XUÍCES

Serán designados polo Comité de Xuíces e Árbitros da FGC.

SORTEO DE QUENDAS E DORSAIS

O sorteo de quendas e dorsais será o día 5 de agosto, ás 12 horas, na sede da Federación Galega de Caza en Santiago de Compostela.

Nas competicións organizadas pola Federación Galega de Caza (Provincial, Autonómico, e Copa Galicia), os deportistas que participen en competicións nas que se utilicen armas deberán dispor de un seguro de responsabilidade civil cunhas coberturas mínimas de 600.000 € sen sublímite por vítima.

ADVERTENCIA: A lei 3/12, do Deporte de Galicia prohibe a introdución e venda de bebidas alcohólicas nos lugares onde se estean a celebrar probas deportivas. Polo tanto, queda prohibido tanto o consumo como a venda de bebidas alcohólicas dentro do recinto deportivo durante a celebración da proba.

CAMPIONATO DE CAZA SAN HUBERTO XUNTA DE GALICIA

(Sobre perdiz sementada)

10 de agosto de 2024

8:00 horas.- Concentración en Casa Urbano, Lugar Castiñeiras, 10, 15339 Mañón, A Coruña.



8:30 horas .- Comezo da Competición.

15:00 horas Finalizada a proba procederase a clausura e entrega de premios no campo de tiro Pena da Revolta en As Pontes.

Prezo acompañantes: 25€

REGULAMENTO E INSCRICIÓN

O Campionato de Caza San Huberto Xunta de Galicia rexeráse polo respectivo Regulamento da Federación Galega de Caza e Normas complementarias da F.G.C.

Conforme a vixente Normativa de Competicións participarán 21 deportistas previamente clasificados nos respectivos Campionatos Provinciais (6 Coruña, 5 Lugo, 5 Ourense e 5 Pontevedra), o Campión da edición anterior, e 5 clasificados pola Copa Galicia. A inscrición das Donas e Springer será "libre", previa participación no campionato provincial.

Para formar a Selección Galega na categoría Homes, elixírase aquel participante da Copa Galicia que obtivera a maior puntuación, para o cal terán que disputarse, como mínimo, tres probas puntuables para a Copa Galicia de Caza San Huberto. Os restantes deportistas da Selección Galega, ata completar o número de prazas asignado, serán os mellores clasificados no campionato galego da mesma categoría.

Será obrigatoria a participación no campionato galego do clasificado pola Copa Galicia, para a ir na Selección Galega. No caso que o campión da Copa Galicia forme parte do podio no campionato galego, a praza será cuberta de maneira correlativa pola clasificación do campionato galego.

O Comité organizador resérvase o dereito a modifica-lo presente Programa se circunstancias excepcionais así o aconsellan.